

Baiona no poema cabaleiresco Orlando furioso

REMIQIO NIETO GONZÁLEZ

INTRODUCCIÓN

Síntome na obriga de confesar que na miña xa longa vida, aínda que fixen moitas quixotadas –este pequeno ensaio ben podería ser unha delas– fun máis un Sancho que un Quixote. O cal non debe supoñer un paradoxo, pois quixotadas tamén as fixo Sancho. Por conseguinte, nunca me sentín atraído pola literatura épica cabaleiresca. Mais como os anos e as circunstancias cambian os intereses e os gustos polas cousas, chegou un día en que por primeira vez sentín polo menos certa curiosidade por un poema cabaleiresco. Unha mañá de xaneiro do ano 1996 o carteiro entregoume unha carta, procedente de Madrid, do meu amigo José Luis Caramés, profesor de matemáticas da Universidade Complutense, moi versado en humanidades e un grande amante da literatura. Entre outras cousas dicía: “...*estuve leyendo de nuevo el Orlando con sus furias de enamorado... allí, en el canto XIII, Ariosto conmemora a Bayona por medio de la hermosa y desafortunada (en amor) Isabella. También aparece Santa Marta... y Mongia,... tal como sostiene el editor cree sea Mugía...; ahí van algunas de las hojas del Orlando por si te animas a leer en italiano*”.

Non me animei porque non comprendía a lingua toscana de Ariosto nin estaba nas miñas pretensións o aprendela. Tan só botei unha ollada para decatarme que nos versos se atopaban os nomes que citaba o meu amigo. Dese xeito comprobei que figuraban os propios de Gallizia, Baiona, Santa Marta e Mongia nas oitavas IV, VI, XI e XV respectivamente. Foron suficientes para estimular a miña curiosidade e facerme sentir un xeito de íntima compracencia. Aínda que os sentimentos teñen razóns que a razón non entende, penso que cun pouco de boa vontade se me pode desculpar deste sentimentalismo, dados os meus datos persoais: nado, criado e educado en Galicia, casado na capela de Santa Marta cunha baionesa e vencellado e comprometido con Baiona durante quince anos por razóns profesionais, sociais e sentimentais, ¿como non me ia sentir interesado por eses versos?

Pero as cousas non podían ficar no feito de que eu lera os nomes. Iso tan só foi o punto de partida. Tiña que atopar respostas a dúas preguntas que xurdiron no meu maxín: os catro nomes que figuraban nese texto ¿como naceron na mente de Ariosto e que función tiñan no contexto do poema? Para procurar as respostas, tiña que ler o texto traducido a galego ou castelán. Informáronme que en

VI

Mio padre fe 'in Baiona* alcune giostre,
 esser denno oggimai dodici mesi.
 Trasse la fama ne le terre nostre
 cavallieri a giostrar di più paesi.
 Fra gli altri (o sia ch'Amor così mi mostre,
 o che virtù pur se stessa palesi)
 mi parve da lodar Zerbino solo,
 che del gran re di Scozia era figliuolo.

VII

Il qual poi che far pruove in campo vidi
 miracolose di caballeria,
 fui presa del suo amore; e non m'avidi,
 ch'io mi conobbi più non esser mia.
 E pur, ben che l suo amor così mi guidi,
 mi giova sempre avere in fantasia
 ch'io non misi il mio core in luogo immondo,
 ma nel più degno e bel ch'oggi sia al mondo.

VIII

Zerbino de bellezza e di valore
 Sopra tutti i signori era eminente.
 Mostrommi, e credo mi portasse amore,
 e che di me non fosse meno ardente.
 Non ci mancò chi del commune ardore
 interprete fra noi fosse sovente,
 Poi che di vista ancor fummo disgiunti;
 Che gli animi restar sempre congiunti.

IX

Pero che dato fine alla gran festa,
 il mio Zerbino in Scocia fe' ritorno.
 Se sai che cosa è amor, ben sai che mesta
 restai, de lui pensando notte e giorno;
 et era certa che non men molesta
 fiamma intorno il suo cor facea soggiorno.
 Egli non fece al suo disio più schermi,
 se non che cercò via di seco avermi.

X

E perché vieta la diversa fede
 (essendo egli cristiano, io saracina)
 ch' al mio padre per moglie non mi chiede,
 per furto indi levarmi si destina.
 Fuor de la ricca mia patria, che siede

6

En Bayona^{5,5} meu pai, o rei, armaba
 unhas xustas, un ano pasaría;
 a fama que na miña terra se soaba⁶,
 cabaleiros nos truxo ó día emprazado.
 Entre eles, ou que Amor mo ordenaba,
 ou que ilustre virtude por sí seu estado⁷
 pareceume Zerbín en loor primeiro⁸
 fillo do rei de Escocia o herdeiro.

7

E vendo eu o valor seu crecido,
 tan milagreiro, de cabaleiría,
 fun presa do seu amor, e no sentido
 o houben, cando vin non ser xa miña.
 E aínda que nesto seu amor me trouxo,
 fólgame sempre velo en fantasía,
 que en lugar sucio o corazón non fundo,
 senón no máis fermoso deste mundo.

8

Zerbino de valor e fermosura
 sobre todo os señores eminente,
 amosoume, creo, que amar con fe moi pura
 sen que menos de amor eu fose ardente⁹.
 Non faltou quen da nosa chama dura
 terceiro fose, e farto dilixente.
 Cando xuntos nos vimos e tratamos,
 os ánimos de amor tamén xuntamos.¹⁰

9

Acabada a festa, veu o loito,
 que meu Zerbín a Escocia partiu logo;
 se sabedes que é o amor, mirade si enxoiito¹¹
 alí estaría meu rostro en ver tal xogo.
 Ben era certa que o amor astuto
 non menos lle atizaba o vivo fogo;
 non quixo sufrir máis a seu desexo,
 buscando, por me sacar, algún rodeo.

10

Porque a fe diversa o vedaba
 (sendo cristián el, eu sarracina),
 non ao rei por muller súa me demandaba,
 mais a raptarme o ánimo se inclina.
 Fora miña rica patria sinalada,

*tra verdi campi allato alla marina,
aveva un bel giardin sopra una riva,
che colli intorno e tutto il mar scopriva.*

XI

*Gli parvi il luogo a fornir ciò disposto,
che la diversa religion ci vieta;
e mi fa saper l'ordine che posto
avea di far la nostra vita lieta.
Appresso a Santa Marta* avea nascosto
con gente armata una galera secreta,
in guardia d'Odorico di Biscaglia,
in mare e in terra mastro di battaglia.*

XII

*Né potendo in persona far l'effetto
perch'egli allora era del padre antico
a dar soccorso al re di Francia astretto,
manderia in vece sua questo Odorico,
che fra tutti i fideli amici eletto
s'avea pel piú fedele e pel piú amico:
e bene esser dovea, se i benefici
sempre anno forza d'acquistar gli amici.*

XIII

*Verria costui sopra un navilio armato,
al terminato tempo indi a levarmi
E cosi venne il giorno disiato,
che dentro el mio giardin lasciai trovarmi.
Odorico la notte, accompagnato
di gente valorosa all'acqua e all'armi,
smontò ad un fiume alla città vicino,
e venne chetamente al mio giardino.*

XIV

*Quindi fui tratta alla galea spalmata
prima che la città n'avesse avisi.
De la famiglia ignuda e disarmata
altri fuggiro, altri restaro uccisi,
parte captiva meco fu menata.
Cosí da la mia terra io mi divisi,
con quanto gaudio non ti potrai dire,
sperando in breve il mio Zerbin fruire.*

XV

*Voltati sopra Monja*²¹ eramo a pena*

en campos verdes xunto á mariña,
un xardín á beira dun río caudaloso¹²,
de onde o mar se ve e o monte herboso.

11

Pareceulle o lugar que era disposto
para acaba lo que relixión veda;
saber me fixo todo o presuposto¹³
para pasa la vida nosa leda¹⁴
Xunto a Santa Marta* puxo
unha galera a armar; queda
na guarda de Odorigo Vizcaíno,
na terra e mar de guerra mestre fino¹⁵.

12

Non podendo en persoa usar efecto¹⁶
por envialo o pai antigo
en socorro de Francia, aquel perfecto
enviou no seu lugar a este Odorigo,
que entre fieis amigos o elexiu,
electo por máis fiel e máis amigo
ser o tiña¹⁷, se o beneficio é parte
para gañar amigo fiel sen arte.

13

Veu un bo navío, a punto e forte,
ao prazo¹⁸ xa posto por levarme.
Como era concertado, e desta sorte
no meu xardín daquel deixei acharme.
Veu á noite sen temor de morte,
con destra xente na auga alí a sacarme:
saíu xunto á vila por un río,
que o trouxo cuberto ao meu xardín.

14

Púxome alí na galera despalmada¹⁹,
antes que na cidade sentise cousa,
e miña xente²⁰, espida e desarmada,
toda foi case morta, dolorosa-
mente, e parte comigo cativada.
Así deixei miña patria tan gozosa,
e o gozo que houben non poderei contalo
pensando en breve a meu Zerbin gozalo.

15

Non habiamos sobre Muxía* ben dobrado

*quando ci assalse alla sinistra sponda
un vento che turbò l'aria serena,
e turbò il mare, e al ciel gli levò l'onda.
Salta un maestro ch'a traverso mena,
e cresce ad ora ad ora, e soprabonda;
e cresce e soprabonda con tal forza,
che val poco alternar poggia con orza.*

XVI

*Non giova calar vele, e l'arbor sopra
corsia legar, né ruinar castella;
che ci veggian mal grado portar sopra
acuti scogli, appresso alla Rocella.
Se non ci aiuta quel che sta di sopra,
ci spinge in terra la crudel procella.
Il vento rio ne caccia in maggior fretta,
che d'arco mai non si aventò saetta.*

cando saltou da sinistra parte
un vento que turbou o sosegado
e ao ceo o mar súas ondas subiu en parte.
Saltou un vento mestre atravesado,
e creceu en abundancia, de tal arte,
e crece a abundancia e supera,
que non valía facer a orza ou poxa²²

16

Nin calar velas e árbore en pasamáns
ligar, nin botar castelo²³ aproveitaba,
que a mal grado, a penedos que alí había,
xunto a la Rochela nos botaba,
si non por quen o manda todo e guía,
en terra a fortuna nos lanzaba:
mais rexo veu o vento, e tal nos bota,
cal nunca de arco forte saíu frecha

NOTAS

1. Calco do orixinal Valloni: "vagoadas".
2. "E que lle preguntou quen a tiña alí".
3. Gallizia (región da península ibérica). Segundo nota de Lanfranco Caretti.
4. No orixinal: "O mal aventurado rei de Galicia", é dicir, Maricoldo, morto a mans de Orlando (no poema de "Orlando namorado", de Boiardo, II, XXIII 60-61); Isabela non sabía que o paladín foi o causante da súa morte.
5. "Nada que ver con la Bayona real". Non obstante, Lanfranco Caretti na súa nota a pé de páxina na edición de Einaudi di: "Baiona: cittadina della Galizia, sull'Oceano Atlantico".
6. "A noticia das xustas que corría polo meu país".
7. "Ou por efecto do meu namoramento, ou pola valía real da súa persoa".
8. "O máis digno de louvanza".
9. "E apenas decateime diso".
10. "Amosou, e créoo, que me amaba con fe moi pura, e non menos ardente cá miña".
11. O orixinal di outra cousa: "Cando en persoa (di vista) separados fomos: pois as almas quedaron sempre xuntas".
11. "Seco", é dicir, "sen bágoas".
12. caudaloso é engadido de Urrea.
13. "O plan concertado".
14. "Feliz".
15. Para o secuestro e o sucesivo naufraxio. Ariosto debeu ter en conta a Boccaccio, Decam., II, 7.
16. "Levalo a efecto".
17. No orixinal: "e ben debía selo".
18. "No momento establecido".
19. "Untada de brea".
20. "Servidume".
21. "Muxía", localidade costeira de Galicia, entre Fisterra e A Coruña.
22. "Navegar a orza ou a sotavento".
23. "Amainar velas, atar o mastro ao centro da nave, ou baixar o castelo de proa".
 - Os subliñados son meus.

CATRO PINCELADAS A ORLANDO FURIOSO

O *Orlando furioso* de Ludovico Ariosto (Reggio Emilia, 1474 – Ferrara, 1533) conta unha historia chea de toladas e despropósitos, pero que tamén encanta pola súa fascinación, sendo unha mestura de clasicismo renacentista e medievalismo cabaleiresco. Está composta por 46 cantos (4.842 oitavas, que suman 38.736 versos) e aínda que lle levou 27 anos escribila, parece que Ariosto lle quitou importancia, a vulgar polo que deixou escrito nunha das súas cartas, referíndose á finalidade que perseguía ao escribila: *per spasso e ricreacione de signori et persone di animi gentili et madonne* (“para broma e recreo dos señores e persoas de ánimo xentil e donas”). Así e todo, non é a superficialidade a que o define, senón máis ben unha actitude de desapego indiferente e burlón tocante a todas as desmesuradas aventuras que inventa, para pasto dos cortesáns, coma unha sorte de “bandas deseñadas”, a viñeta por oitava, con episodios abondosos. O poeta é o cordo, o sensato, que se decata e conta con sinxeleza as toleiradas dos seus personaxes e as pequenas paixóns que os moven. O que máis vale é o bo xuízo, o que precisamente perde Orlando caendo na tolería, volvéndose “furioso”. ¡Pérdeno tantos seguindo aquilo que adoita avaliar o mundo, inclusive a mesma poesía!

O asunto está inspirado no *Orlando namorado*, do seu paisano Matteo María Boiardo, baseándose en novelas e poemas cabaleirescos do ciclo carolínxeo. Non é polo tanto a orixinalidade do tema, senón a inestogable imaxinación e o gozo da forma pola forma mesma. Por iso no famoso “escrutinio” da biblioteca de don Quixote, cando o barbeiro acaba de coller nas súas mans o “*Espejo de caballerías*”, o cura comenta: “...estoy por condenarlos no más que a destierro perpetuo, siquiera porque tienen parte de la invención del famoso Mateo Boyardo, de donde también



Ilustración do *Orlando furioso*



Edición Princesps do *Orlando furioso*

tejió su tela el cristiano poeta Ludovico Ariosto; el cual, si aquí le hallo, y que habla en otra lengua que la suya, no le guardaré respeto alguno, pero si habla en su idioma, le pondré sobre mi cabeza”.

Quixo dicir que o *Furioso* vale só se é lido na súa lingua orixinal, pois Ariosto adaptou a forma do poema á súa lingua, como un escultor adapta a figura que esculpe á natureza da pedra. Se outro escultor quixera reproducila noutra clase de pedra, non saíría a figura coa mesma forma.

Aínda que o tema central da obra son os celos de Orlando e a figura da fermosa Anxélica, as aventuras cabaleirescas succédense innumerables, enlazadas unhas coas outras con sorprendente poder de invención, presentando un verdadeiro atlas da natureza humana, como a culminación do descubrimento do home levado a cabo polo pensamento filosófico e político do Renacemento. Por iso a variedade dos seus personaxes e vicisitudes é semellante á das actitudes que reflicten: a amizade e a fidelidade dos novos amigos Cloridano e Medoro; o amor forte e firme de Fiordiligi e Bradamante; o venturoso e tinguído heroísmo de Isabela e Zerbino... e moitas outras historias que se faría longo salientar. Non hai no *Orlando furioso* intención ningunha allea á arte. Está escrito só polo pracer de dar renda solta á fantasía, e tecer con ela un mundo irreal, marabilloso, de imaxes e formas. Episodio por episodio, e oitava por oitava, a obra está cicelada coa máis perfecta e harmónica obxectividade do artista namorado da súa arte. Non hai que buscar efusión lírica nin afáns transcendentais. Todo o poema se desenvolve con clásica impersonalidade e, a miúdo, asoma un sorriso que fai pensar en Cervantes. Como deixou escrito maxistralmente Francisco Rico: “una suerte de homenaje paródico, de solemne y emocionado entierro de viejos ideales, de summa y superación con la impagable ayuda del humor y la inteligencia”.

A CUESTIÓN DOS NOMES

Antes de presentar esta cuestión, quero deixar ben claro que non o vou facer coa pretensión de razoar e demostrar a veracidade histórica das relacións dos nomes cos personaxes e episodios narrados no *Orlando furioso*. Sería pola miña parte unha pretensión insensata, pois esta obra, aínda que se considera no cumio da historia da literatura do século XVI, está nas antípodas dunha obra histórica, entendendo como tal non aquela que pertence á historia e que figura nela e pode servir para investigar algúns dos seus aspectos –neste caso o da literatura–, senón aquela que se escribiu coa finalidade de transmitir ao lector coñecementos históricos que foron investigados, comprobados e certos, e que están en contraposición co mundo fabuloso ou lendario.

Dito o que antecede, penso que a miña argumentación debe comezar considerando a importancia que pode ter, para os galegos en xeral e os baioneses en particular, que os nomes de Gallizia, Baiona, Santa Marta e Mongia figuren como topónimos dos lugares onde Ariosto quixo que ocorran os primeiros episodios da historia que Isabella conta ao conde Orlando. Se non tivese importancia o feito de como Ariosto os elixiu, non pagaría a pena seguir escribindo e razoando, e moito menos indagar cousas que tivesen que ver con esta cuestión. Mais esa importancia dependerá dos seguintes supostos en relación cos nomes:

1. Se fosen inventados por Ariosto de xeito arbitrario, por capricho, sen coñecelos antes nin telos lido nin escoitado de ninguén e xurdiran por azar da súa imaxinación, sen condicionamentos previos ás súas pretensións ou criterios literarios, a importancia sería nula.
2. Se fosen homónimos referidos a lugares doutras terras diferentes á nosa, non pasarían de ser un dato curioso pero sen importancia para os galegos.
3. Se fosen os mesmos topónimos que se refiren actualmente aos lugares da nosa terra, a importancia sería considerable.

Demostrar cal destes tres supostos é o que máis probabilidades ten de ser certo é practicar o xogo de formular hipóteses congruentes e fundamentadas, pero chegar nesta cuestión a unha verdade ex cátedra paréceme excesivo, dado que a clave final da certeza estivo na mente de Ariosto. Esa mente que agora, despois de 472 anos, se perdeu no misterio. Mais as mentes dos que morreron pódense tamén investigar a través das obras que deixaron para a posteridade, aínda que os resultados endexamais poidan alcanzar o valor da total certeza.

Comezando co 1º destes supostos, a probabilidade de que o azar os fixera semellantes ou idénticos aos catro topónimos da nosa Galicia, sería moito menor que a que tería quen apostase na Lotería Primitiva para acertar catro números cunha soa aposta.

Pasando ao 2º suposto, habería unha probabilidade maior, pero aínda moi pequena, pois non creo que a Ariosto lle fose doado atopar catro homónimos que tivesen a particularidade de que entre eles se dese a relación entre a parte e o todo, como se dá nos catro nomes que xa existían no seu tempo en Galicia: Santa Marta é unha parte de Baiona e Baiona é unha parte de Galicia, como tamén o é Mongía.

Polo tanto, e por exclusión, o que máis probabilidades ten, de termos en conta o razoamento lóxico, é o 3º suposto.

Pero con isto non temos datos dabondo para avaliar, como ten que ser, a importancia desta cuestión. É necesario o seguinte:

Que os nomes Gallizia e Mongia sexan equivalentes aos actuais de Galicia e Muxía.

Que se resolva razoablemente a aparente contradición que presenta a nota (5) a p.px., entre o que di Urrea (“nada que ver con la Bayona real”), e o que di Lanfranco Caretti (“*Baiona: cittadina della Galizia, sull’Oceano Atlántico*”).

O vocábulo Gallizia é unha das tres formas romances castelás cunha terminación semierudita, arcaica ou latinizante, do actual nome de Galicia, segundo se deduce dun longo e moi razoado artigo do catedrático e membro da Real Academia da Lingua Galega Isidoro Millán González-Pardo, na Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada (Tomo 20).

O de Mongía ten outra explicación: Fernando Cabeza Quiles, no seu libro “Os nomes de lugar” (Ed. Xerais de Galicia, 1992) escribe: “O topónimo “Muxía”, nome da coñecida vila da Costa da Morte, parece proceder de “monxía”, por referencia á presenza no lugar dunha antiga congregación de monxes”. E remata dicindo: “o cardenal Jerónimo del Hoyo (primeiros anos do 1600) explica: “...y era entonces (*Muxía*) de los frailes de Moraima que son benitos, y dellos se llamaba esta villa Monxía y corrupto el bocablo se llama Muxía”.

Ademais do dito, temos que ter en conta que ata finais do século XV Muxía era porto arcebispal e tamén centro de alixos semiclandestinos das naves catalanas e

das galeras venecianas; por iso coñecía-se dabondo nos portos dos estados italianos. Dende finais do século XIV ata entrado o XVI, os buques mercantes galegos operaban ao servizo dos distintos reinos da coroa de Aragón, de Xénova, Florencia e, de cando en vez, de Venecia. Galicia, que xa na Idade Media tiña fama en todo o mundo cristián polas peregrinacións xacobeas, ata o punto de que os historiadores do norte de Europa adoitaban chamarlle Jakobsland ou Gallicia á España cristiá, aínda era vía cultural de España con Europa. Pero foi por pouco tempo. O centro político da España cristiá empezaba a concentrarse no interior, ata que quedou reducido ás monarquías de Castela e de Aragón.

Conclusión: os catro nomes corresponden aos lugares de Galicia que actualmente se denominan así. Ariosto, que foi un home culto do Renacemento, que realizou misións diplomáticas ao servizo do cardeal Hipólito e do duque Alfonso na corte de Ferrara, que foi gobernador de Garfagnana, tiña que coñecer directa ou indirectamente estes nomes e os lugares nomeados. Elixiunos para situar neles os feitos ou historias que, recollidos doutros ou inventados por el, conta no seu peculiar poema.

A nota de Urrea, “nada que ver con la Bayona real”, feita no s. XVI, quere dicir que Baiona, tal como Ariosto a pinta, coas cousas ficticias que conta dela, non ten, loxicamente, nada que ver coa Baiona que existiu realmente. A Baiona que existiu naqueles anos –dende 1505 en que comezou a escribir a obra ata 1516, ano da 1ª edición– era unha vila do antigo reino de Galicia baixo a rexencia do rei Fernando o Católico de Aragón, viúvo da raíña Isabel a Católica de Castela. Tiña unha poboación aproximada duns 800 veciños, sendo a cuarta vila galega en número de habitantes, despois de Pontevedra, Santiago e Ourense. Cando principiou Ariosto a escribir o libro transcorreran doce anos da chegada ao seu porto da carabela Pinta, traendo a nova do descubrimento colombino, e tan só pasaran dous anos da conquista do reino de Nápoles por Fernando o Católico, tralas campañas de Gonzalo Fernández de Córdoba. É precisamente neste tempo cando Baiona empeza a alcanzar a súa maior prosperidade, sendo xunto coa Coruña un dos emporios comerciais máis importantes de Galicia, chegando a ser o seu porto, a mediados deste século XVI, o preferido na costa atlántica polas facilidades que ofrecía ás frotas que traían e levaban mercadorías. Non é extraño, pois, que o nome de Baiona soara entre os burgueses da corte de Ferrara, na que pasou grande parte da súa vida Ariosto. Esta era a Baiona real, coa que non tiña nada que ver a que pintou Ariosto.

Mais isto non se contradí coa nota de Lanfranco, “*cittadina della Galizia, sull’Oceano Atlántico*” (vila de Galicia cara ao Océano Atlántico), pois esas cousas que inventa Ariosto cóntaas referíndose a esa vila de Galicia, que tivo que decorar coas súas palabras como faría hoxe, con decorados, un director de cine para filmar unha película de amor dunha princesa sarracena cun príncipe escocés. Isto foi así porque a fantasía de Ariosto non aspiraba a fuxir totalmente da realidade, senón a crear un mundo poético que representase, distorsionadas por veces, as proporcións da realidade nunha escala maior e cunha experimentación máis libre. Así foi como este creador do Renacemento italiano elaborou algo abraiante e novo.

Podese ver que Xerónimo de Urrea non se decatara disto naquel tempo (a obra definitiva publicouse coa 3ª edición no 1532 e a tradución fixoa no 1549) a vulgar polo que, entre outras cousas, di fiel aos “principios” que declara no seu AVISO DEL AUTOR AL

LECTOR: “Porque muchas personas de España aficionadas a la lección del Orlando furioso dexavan de gozar de la dulçura y primor de aquel Poema a causa de no tener tan entero conocimiento de la lengua Toscana (...) me pareció tomar trabajo de le traduzir y poner en Romance Castellano quan acertada y fielmente supe, y porque la mayor virtud de la traslación es la fidelidad, y en esta por ventura parecera algunos yo aver faltado, comparando este libro con su original estancia por estancia, quiero aquí declarar mi intención. Es verdad que en el número de cantos ay variedad, porque los cuarenta y seys que el Ariosto compuso están reducidos a quarenta y cinco, hecho del segundo y tercero uno, e lo qual allende que yo tuve atención a quitar la confusión y tinieblas que la aspereza y desgusto de nombres antiguos e ignotos alli contenidos engendraba (...) assimismo del canto terciodecimo y treynta y tres me pareció remover dos o tres estancias, porque aunque son ingeniosas, no espere que en España serian tan acertas.”

Deixo ao lector que saque as súas propias conclusións sobre o que fixo este curioso primeiro tradutor do *Orlando furioso*, que levantou, por certo, bastante barullo.

Para rematar este asunto do real e o fabulado, vou poñer como exemplo clarificador o *Ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha* de Cervantes, agora que se cumpre o cuarto centenario da súa publicación, feita setenta e tres anos despois da definitiva de *Orlando furioso*. Penso que é un xeito de homenaxear a D. Quixote, que tivo a Orlando como principal modelo de cabaleiro, tanto cando estaba tolo, como en Ariosto, como cando estaba namorado, como en Boiardo. Pois ben, na obra cervantina, como na ariostesca, atópanse topónimos dabondo: a Mancha, campo de Montiel, Puerto Lápice, el Toboso... ata Barcelona. Son os nomes deses lugares onde sucederon as aventuras disparatadas do cabaleiro da triste figura e do seu escudeiro Sancho Panza. Pero... ¿sucederon realmente neses lugares, ou sucederon na imaxinación de Cervantes, para logo repetirse nas imaxinacións de millóns dos seus lectores, ata cobrar tanta vida que despois de catrocentos anos pensamos nos seus protagonistas como se fosen realmente personaxes históricos, levantándolles monumentos, dando os seus nomes a rúas, prazas, casas, pousadas, itinerarios turísticos, marcas de produtos... e miles de cousas máis, moitas delas insospitadas? ¿Onde está a realidade e onde a fantasía?

O 16 de nadal do pasado ano lin na Voz de Galicia que un equipo multidisciplinar de profesores da Universidade Complutense de Madrid traballaron durante máis de dous anos para poñer nome á localidade que se menciona, pero non se nomea, na primeira frase do Quixote: *En un lugar de la Mancha, de cuyo nombre no quiero acordarme...* A investigación desenvolveuse cun método científico de medición de distancias. Estudáronse todos os camiños existentes no século XVI, repasáronse as andanzas do fidalgo e medíronse os seus pasos en cada viaxe, ata chegar a Villanueva de los Infantes. O alcalde da localidade está encantado coa noticia e só espera que transcenda ao mundo para que a vila sexa máis visitada.

O QUE CONTA ISABELA TOCANTE Á SÚA ESTANCIA EN GALICIA

A historia de Isabela comeza nos cantos XII-XIII e remata nos cantos XXIII-XXIV. Pero o seu espazo narrativo altermase co de outras historias. Esta é unha das características do método de Ariosto, do procedemento xeneralizado do “*entrelacement*” (ter-

mo empregado para as novelas francesas). Trátase de non desenvolver xamais os sucesos de xeito continuo e lineal, senón facendo interrupcións para retomalos despois a certa distancia. Cumpre deste xeito unha función triple: acentuar a intriga, evidenciar a simultaneidade dos sucesos e lograr a alternancia de tons e actitudes.

O personaxe de Isabela deriva da fusión de dous relatos dun *Palamedés* –síntese das prosificacións a que dera lugar a lenda do rei Arturo e os seus paladíns– composto por Rustichello de Pisa alá polo ano 1271. O nome do seu amado Zerbino procede dun personaxe de Boccaccio no seu *Decamerón*.

As derradeiras oitavas do canto XII contan que Orlando, despois de librar un combate, segue en busca de Anxélica e atopa unha cova. Entra nela e olla unha fermosa dama, duns quince anos, con lágrimas no rostro falando cunha vella. Pregúntalle que inxusto e descortés mal cabaleiro a tiña sepultada naquela cova. Entre saloucos respóndelle o que se pode ler nos versos das corenta e tres primeiras oitavas do canto XIII. Nas dezaseis primeiras cóntalle a Orlando as causas das súas mágoas. Todo o que lle conta nestas dezaseis primeiras oitavas sucede en Baiona, e pola costa galega ata Muxía. No resto dos cantos, que completan a totalidade do poema, non se menciona nada que teña que ver coa nosa terra. Por iso o meu estudo centrouse nestas dezaseis oitavas. Nelas tratei de rastrexar posibles explicacións, referidas ás ideas que pasaron pola mente de Ariosto e o levaron a escenificar nestas terras as primeiras cousas que conta Isabela da súa historia de amor con Zerbino, que se poden resumir deste xeito:

Isabela comeza advertindo a Orlando que polo que lle vai contar vaina castigar o que a meteu alí, xa que a vella que está con ela o avisará e será testemuña. De seguido dille que se chama Isabela e é filla do mal aventurado rei de Galicia. Que a culpa a ten o Amor co seu engano, pois vivía fermosa, rica e alegre, e agora era vil, pobre e descontenta. Pasou logo a contarlle que o seu pai, o rei, habería un ano ordenou a realización duns torneos en Baiona, que tiñan fama na súa terra. Entre os cabaleiros que trouxo pareceulle que Zerbino, fillo do rei de Escocia, era o máis loado, e vendo tan crecido o seu valor de cabaleiro namorouse del. Pareceulle o máis valeroso, fermoso e eminente entre todos os señores, e amosoulle amala con fe moi pura. Víronse, tratáronse e tamén se amaron. Cando acabou a festa, Zerbino tiña que partir, e como el era cristián e ela sarracena, non a podía pedir como esposa ao rei e pai dela; entón decidiu raptala. Isabela pensa con mágoa que ten que deixar aquela terra, a súa rica patria, de campos verdes xunto á mariña, aquel xardín á beira do río... Zerbino fixolle saber o plan, que el non podía levar a efecto, pois o pai mandouno marchar en socorro de Francia. Xunto a Santa Marta puxo unha galera, e confiou o mando dela a Odorigo Vizcaíno por ser o máis fiel amigo. Chegou con xente nun navío para levala pola noite, sacouna xunto á vila por un río e púxo a na galera acompañada da súa servidume, antes de que se decataran na cidade. Na galera, Odorigo matou a case todos os criados e o resto fixoos cativos con Isabela. Así a princesa deixou a súa patria. Navegando pola costa galega chegaron a dobrar sobre Muxía, onde se levantou un forte vento e unha grande vaga que lles impediu gobernar ben a embarcación e... remataron a navegación na Rochela (Breña francesa). Alí “*en terra a fortuna os lanzaba*”.

Oitava 4.—*Isabela son eu que fun / filla do rei galego en sorte extraño; é dicir: o re mal fortunato de Gallizia.*

Xa sabemos pola nota 4 a p. px. que se trata do rei Maricoldo, morto a mans de Orlando –por iso era “*mal fortunato*”–, e como xa quedou dito está sacado do seu paisano Matteo María Boiardo ao querer dar un paso máis nese mundo de lendas que constitúe o ciclo carolínxeo coa súa obra “*Orlando Innamorato*”, na que fai unha mestura do carolínxeo co bretón. O poema quedou inacabado ao morrer Boiardo, mais o éxito deste “*Innamorato*” foi tal no ambiente da corte de Ferrara que Ludovico Ariosto proseguíuno co seu “*Furioso*”. Principiouno alá polo 1505 e rematouno definitivamente cando publicou a 3ª edición con seis cantos máis no 1532. Naqueles séculos do Medievo e do Renacemento, os dereitos de autor non estaban legalmente recoñecidos. Os autores nutríanse de ideas uns dos outros, e apropiábanse de personaxes, situacións, elementos argumentais etc., e con esas apropiacións facíanse transformacións ou variacións propias que poidesen crear unha obra nova. Ariosto e Boiardo, nese sentido, non eran diferentes aos demais. Pero o asunto do rei de Galicia, que no poema do “*Innamorato*” é un rei sarraceno, ¿de onde o sacou Boiardo? Ignoro a resposta certa, mais podo aventurar unha posible hipótese.

Tendo en conta que os feitos históricos de certa relevancia quedaban na memoria colectiva e esta íaos transformando coa imaxinación, chegando co tempo a trocar o histórico polo lendario e fabuloso, principalmente nas obras literarias, houbo dous destes feitos relacionados con Baiona que ben poideron fecundar a idea que pariu ao rei galego sarraceno. O primeiro no tempo foi o seguinte:

—Estando ocupada Galicia polos sarracenos dende había máis ou menos vinte anos, no 750, segundo as crónicas, foron expulsados de Baiona polo rei Alfonso I de Asturias –e despois deste ano tamen de Galicia– aproveitando as guerras civís entre árabes e berberiscos, a emigración destes cara ao sur e unha grande fame nese ano acaecida.

O segundo a ter en conta foi:

—Corenta e sete anos máis tarde, o caudillo árabe al-Mansur (o invencible), máis coñecido por Almanzor, nunha das expedicións que leva a cabo contra Galicia chega a Baiona e arrasa a súa fortaleza.

Este tipo de feitos foron fonte de moitas lendas de cristiáns e sarracenos, que deron lugar a cantares de xesta hoxe desaparecidos, pero dos que temos noticia, dalgúns deles, polos romances a que deron orixe no século XV. Como o poema de Bernardo del Carpio, no que a fantasía popular fai que derrote a Roldán, sobriño de Carlomagno, en Roncesvalles; ou o do conde Garcí Fernández, que é derrotado e morto por Almanzor na ribeira do Douro; e o poema dos Infantes de Lara, tamén protagonizado por Almanzor. Estes dous feitos puideron tamén ser obxecto de cantares ou lendas, e utilizados e adaptados como material novelesco, principalmente no século XV, no que a narrativa novelesca se orienta cara a Italia e adquire un desenvolvemento máis amplo, dando nacemento ao que moitos tratadistas denominaron “*novela sentimental*”, que tomando como eixo a emoción amorosa representa a derradeira derivación das teorías provenzais do amor cortés, unidas agora a elementos de orixe italiana e cabaleiresca.

Neste tipo de obras parécenos obrigado subliñar o *Siervo libre de amor*, de Juan Rodríguez de la Cámara, máis coñecido por Juan Rodríguez del Padrón, por nacer nesta vila a finais do século XIV ou principios do XV. Criouse na corte do rei Juan II

e era familiar do bispo de Tui, Juan de Cervantes, que foi nomeado cardeal de Ostia (Italia), e levouno con el ao Concilio de Basilea en 1478 e ao de Maguncia un ano máis tarde. En Italia tratou con xentes moi ilustradas, entre as que podería estar Mateo María Boiardo (1441 – 1494). Pois ben, a citada obra de Juan Rodríguez del Padrón parece que foi inspirada no ambiente das murallas da península fortificada de Monte Real en Baiona, e figura nun códice da Biblioteca Nacional. Boiardo, o mesmo que Ariosto, baseábase en personaxes e motivos creados por outros autores, segundo as necesidades da obra, e inspirábase nas novelas francesas, facía manipulacións tardías das italianas, sen faltar no seu repertorio as españolas. ¿Non podería ser unha delas *Siervo libre de amor*, de Juan Rodríguez del Padrón?

Oitava 10.–*Fora miña rica patria sinalada / en campos verdes xunto á mariña / un xardín á beira dun río caudaloso / de onde o mar se ve e o monte herboso.*

¿Que maior exactitude descritiva se pode facer da paisaxe de Baiona en tan só catro versos? O que a fixo, Ariosto, tiña que coñecela directa ou indirectamente porque alguén lle informase dela, ou porque a lera nalgún libro, ou porque, quizais, íváiase a saber!, chegou algún día por alí, adiantándose a todos os turistas que comezaron a vir despois de catrocentos anos. E ollou os verdes campos lambidos polo mar, as beiras do río Miñor parecerónlle un xardín deleitoso, e dende a desembocadura observou o mar abraiante co outeiro de San Roque ao fondo. Entón dixo para si mesmo: –Esta ten que ser a patria da fermosa Isabela.

Oitava 11.–*Xunto a Santa Marta puxo / unha galera a armar.*

Santa Marta, a pequena peninsuliña, coa súa capela erguéndose dende o século XI, lugar de desembarco de tantos sarracenos, piratas normandos e corsarios ingleses, entre as dúas praias máis extensas do lugar. A que agora se chama de Santa Marta tiña que ocupar no século XVI gran parte do que hoxe é o paseo de Elduaen e a estrada que vai a Vigo, pois non habería case ningunha edificación. Segundo os datos do historiador Camilo Fernández, nese tempo Baiona tiña entre 500 e 1000 fogares, e a maior parte deles dentro das murallas de Monte Real. Con esas características, ¿que lugar máis axeitado para armar a galera?

Oitava 15.–*Non habíamos sobre Muxía ben dobrado / cando saltou da sinistra parte / un vento que turbou o sosegado / e ao ceo o mar súas ondas subiu en parte.*

As aventuras no mar son testemuños da fe no deus Destino, apaixonadas súplicas á deusa Fortuna e sometementos cegos ao deus Posidón. Por iso Destino levounos ata Muxía, onde finaliza a terra, lugar favorito de Posidón para desafogar a cólera; velái que se encontre na Costa da Morte. O deus dos mares arrastrounos cos seus monstros de ventos e ondas ás costas da Rochella, onde os esperaba a deusa Fortuna. Alí a deusa virou o seu temón, entregounos á terra e salvounos da morte.

CODA FINAL

Cando principiei este escrito sentínme na obriga de facer unha confesión. Agora que chegou o intre de rematalo, sintome na necesidade de facer outra: a medida

que fun avanzando na lectura, estudo e investigación do *Orlando furioso*, rastrexando como sabuxo entre os 38.736 versos do poema, na procura de completar a historia de Isabela e Zerbino, foi aumentando a miña curiosidade, que pronto se transformou en interese, logo en degoiro, para terminar en fascinación. Por iso, perdoe o lector que me tome a licencia de suxerirlle que non se contente soamente coa lectura da historia que comento, que se poña a buscar as que faltan. Paga a pena o esforzo que poida suporlle.

Para rematar, un desexo: que algún dos artistas do Val Miñor, e hainos moi bos, faga algo para lembrar **A Isabela, princesa sarracena de Baiona, creada por Ludovico Ariosto no seu Orlando Furioso, como unha mártir por ser fiel ao seu amor.** E iso o coloque preto desa capeliña de Santa Marta, que dende o s. XI, pese a tantos estragos e reformas como sufriu, se ergue aínda cara ao mar para cumprir unha soa misión: casar os namorados, xa que Isabela nunca casou.

